



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 6 DE FEBREIRO DE 2015.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as once horas e trinta minutos do día seis de febreiro de dous mil quince, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- D^a. M^a. Montserrat Magallanes Álvarez
- D^a. Teresa Vicente Baz
- D. Manuel Javier Crespo González
- D. Antonio Lomba Baz
- D. Miguel Ángel Español Otero (que se incorpora cando se cita)

Asiste como Secretaria a do Concello Dna. Julia M^a Carrasco Glez.-Alegre.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- ACORDOS

Vistas as bases reguladoras do PROGRAMA DE ACCIÓN MUNICIPAL (PAM), sección actividades para o exercicio 2015, publicadas no BOP nº 1 de 2 de xaneiro de 2015, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Determinar a seguinte actividade e solicitar a correspondente subvención para a súa realización:

Actividades Sociais

Denominación: Intervención integral cos/cas fillos/as en situación de risco social

Orzamento: 2.000,00 euros

Subvención Solicitada: 1.500,00 euros

Vistas as bases reguladoras do PROGRAMA DE ACCIÓN MUNICIPAL (PAM), sección actividades para o exercicio 2015, publicadas no BOP nº 1 de 2 de xaneiro de 2015, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Determinar a seguinte actividade e solicitar a correspondente subvención para a súa realización:

Actividades Culturais

Denominación: XXV Festa da Lagosta e da Cociña Mariñeira

Orzamento: 6.655,00 euros

Subvención Solicitada: 6.000,00 euros

Vistas as bases reguladoras do PROGRAMA DE ACCIÓN MUNICIPAL (PAM), sección actividades para o exercicio 2015, publicadas no BOP nº 1 de 2 de xaneiro de 2015, a Xunta de Goberno Local acorda:



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

1.- Determinar a seguinte actividade e solicitar a correspondente subvención para a súa realización:

Actividades Culturais

Denominación: Exposicións 2015

Orzamento: 2.000,00 euros

Subvención Solicitada: 1.947,06 euros

Vistas as bases reguladoras do PROGRAMA DE ACCIÓN MUNICIPAL (PAM), sección actividades para o exercicio 2015, publicadas no BOP nº 1 de 2 de xaneiro de 2015, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Determinar a seguinte actividade e solicitar a correspondente subvención para a súa realización:

Actividades Culturais

Denominación: Feira do Libro 2015

Orzamento: 3.000,00 euros

Subvención Solicitada: 3.000,00 euros

Vistas as bases reguladoras do PROGRAMA DE ACCIÓN MUNICIPAL (PAM), sección actividades para o exercicio 2015, publicadas no BOP nº 1 de 2 de xaneiro de 2015, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Determinar a seguinte actividade e solicitar a correspondente subvención para a súa realización:

Actividades Deportivas

Denominación: Multideporte A Guarda 2015

Orzamento: 1.573,00 euros

Subvención Solicitada: 1.500,00 euros

Vista a Orde do 31 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das subvencións aos concellos de Galicia para a mellora dos mercados municipais e prazas de abastos, así como dos espazos de comercio non sedentario, cofinanciadas polo FEDER, e se procede a súa convocatoria para o ano 2015, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, órgano competente para elo, ACORDA solicitar a subvención ao abeiro desta orde para:

- Proxecto: Actuación na praza de Abastos 2015:
 1. Obras de mantemento e mellora das instalacións: 124.418,24 €
 2. Mentoring: 3.630,00 € (Ive Engadido)
- Orzamento total: 128.048,24 €
- Subvención solicitada 75%



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 3 de febreiro de 2015 relativo á alta no Servizo de Axuda no Fogar de D. B.R.P. a partir do 03/02/2015 ata o 31/06/2015 por 20 horas mensuais.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar esta alta.

PUNTO 2.- DAR CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS MENORES.

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de obras menores:

EXPEDIENTE: 6.716/2014. D. FRANCISCO JAVIER ÁLVAREZ ALONSO, PARA ADAPTACIÓN E MELLORA DE BAÑO E NOVA DISTRIBUCIÓN DE SALÓN E COCIÑA DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE 1º TRV. NETOS Nº. 1, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "CIVIDÁNS" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE 6.962/2014. D JORGE MARTINEZ BAZ, PARA REFORMA DA VENTÁ DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE 3ª TRANSV. BALIÑOS, Nº 6 EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "SALCIDOS" (ORDENANZA Nº 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 7.047/2014.- D. MIGUEL ANGEL IGLESIAS ALONSO, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 70,00 M². CONSISTENTE EN SUBSTITUIR A TELLA PLANA E OS PERFILES DE FORMIGÓN POR ATÓPARSE EN MAL ESTADO E COLOCACIÓN DE CHAPAS DE FIBROCEMENTO ATORNILLADAS OS PERFILES E POBLADO CON TELLA DO PAIS CON REMATE DE CUMIOS E LIMAS DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE 2º TRV. SALGUEIRO Nº. 2, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE CAMPOSANCOS (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

PUNTO 3- DAR CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS DE ADAPTACIÓN DE LOCAIS PARA ACTIVIDADES.

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de obras adaptación de locais para actividades:

EXPEDIENTE: 3.283/2014.- CAMPOS AGUERRE, S.L. RPRESENADO POR D. JORGE CAMPOS ALIAGA, PARA ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA CLÍNICA ODONTOLÓXICA, SITO NA RÚA DE GALICIA Nº. 91-BAIXO, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

PUNTO 4.- OBRAS MAIORES

EXPEDIENTE NÚMERO: 3.403/2014.

Examinado o proxecto técnico básico e execución subscrito polo Arquitecto D. Ignacio Martínez Rodríguez, presentado con data 17-06-2014 (R.E. nº. 3.403) por **D^a. MARÍA DOLORES HERNÁNDEZ JIMÉNEZ** con D.N.I. nº. 4.150.078-G e con domicilio na rúa de Paseo del Muelle nº. 12-5º B de Talavera de la Reina-C.P. 45600 (Toledo), para "DEMOLICIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR E EDIFICACIÓN AUXILIAR" e "CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR" desarrollada en (planta baixa, planta primeira e planta baixo cuberta)" sita na rúa de A Cal nº. 146, en Solo Urbano (Ordenanza nº. 4 do P.X.O.U.) "Edificación Unifamiliar".

PRIMEIRO.- Visto o informe técnico de data 10-12-2014, considérase **favorable** ó outorgamento da licenza, establecendo un aval para garantir as obras de urbanización do solo de cesión por unha cantidade de 3.000,00 €.

SEGUNDO.- Visto o informe xurídico de data 10-12-2014, quen indica que non se observa na solicitude en cuestión, dende o punto de vista xurídico-procedimental ningún inconvinte, polo cal informase **favorablemente**, polo que formulase ó órgano competente a seguinte PROPOSTA:

1º.- Concede-la licenza municipal de obras para demolición de vivenda unifamiliar e edificación auxiliar existentes e construción no seu lugar dunha vivenda unifamiliar composta de planta baixa, primeira e baixo cuberta sita na rúa A Cal nº. 146, a favor de Dna. M^a. Dolores Hernández Jiménez, imponendo expresamente no texto da mesma os condicionantes establecidos nos informes técnicos e xurídico, principalmente, deberá **establecerse como condicionante da eficacia da licenza, que o interesado aporte un aval por importe de 3.000 €. a fin de garantir os niveis de urbanización exixidos do solo de cesión**, así como deberán imponerse os condicionantes xerais establecidos na lexislación urbanística respecto os prazos de execución das obras, con expresión dos recursos procedentes a entablar contra dito acto administrativo, o cal debe notificarse a interesada.

Con base en ditos antecedentes, a Xunta de Goberno Local **RESOLVE:**

CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiros, a **D^a. MARÍA DOLORES HERNÁNDEZ JIMÉNEZ**, licenza para "DEMOLICIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR E EDIFICACIÓN AUXILIAR" e "CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR" desarrollada en (planta baixa, planta primeira e planta baixo cuberta)" sita na rúa de A Cal nº. 146, de acordo cos proxectos técnicos presentados obrantes no expediente de referencia, que deberá axustarse as condicións sinaladas no informe técnico e xurídico.

O prazo para iniciar as obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende o día seguinte a data de notificación da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Se poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momeno de concesión da prórroga (art. 197.1 da LOUGA).

Será declarada a caducidade das licenzas, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da LOUGA):

- Cando non se tivesen iniciado as obras amparadas por esta licenza no prazo de seis (6) meses dende o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.
- Cando non se cumprise o prazo de terminación das obras de tres (3) anos dende o seu inicio.
- Cando a obra fose interrompida durante un periodo superior a seis (6) meses.
- Estes prazos poderán prorrogarse segundo o establecido no art. 197 da LOUGA.

TERCEIRO.- ADVERTENCIAS:

As obras teranse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (condicións das obras en relación coas vías públicas) e 2.5.14 (valado das obras) recollidos no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

Deberá de adoptar de xeito inmediato as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas, dos predios colindantes e da vía pública.

É requisito e indispensable en todas as obras dispor, ó pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e, nas maiores, a colocación do cartel indicador de 1,20 x 0,85 mts. no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos os que se vai a destinala construción, o número de plantas autorizadas, o prazo de execución das obras, a data de outorgamento e número da licenza.

As obras autorizadas realizaranse por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.

EXPEDIENTE NÚMERO: 5.283/2014.

Examinado o proxecto técnico subscrito pola Arquitecta D^a. Zaida Llano Vázquez, presentado con data 09-09-2014 (R.E. nº. 5.283) por **D. SANTIAGO VICENTE PACHECO** con D.N.I. nº. 35.559.653-C e con domicilio na rúa de 3º Transversal Netos nº. 1 de A Guarda-C.P. 36789, para "DEMOLICIÓN PARCIAL DE CUBERTA E FORXADO DE PATIO" e "PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE CUBERTA" sito na rúa de 3º Transversal Netos nº. 1, en Solo Urbano de Núcleo Rural de "Cividáns" da Parroquia de Salcidos (Ordenanza nº. 7 do P.X.O.U.).

PRIMEIRO.- Visto o informe técnico de data 25-09-2014, considérase **favorable a concesión de licenza municipal de obras.**

- A execución das obras autorizadas suporá a reposición da legalidade urbanística para os efectos do **Expediente de reposición da legalidade urbanística incoado polo Concello de A Guarda (Decreto 0235/2011)**, referente o



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

aumento de volume no baixo cuberta da vivenda sen a correspondente licenza municipal de obras.

- A execución das obras autorizadas suporá a reposición á legalidade urbanística para os efectos das **Obras executadas sen licenza nun muro de peche existente incrementando a altura do mesmo**, (segundo informe do arquitecto técnico municipal de data 12.04.09).
- A execución das obras autorizadas suporá a reposición a legalidade urbanística para os efectos das **Obras executadas sen licenza de construción dun forxado**, (segundo informe do arquitecto técnico municipal de data 03.04.09), que derón lugar ó expediente de reposición da legalidade urbanística **PON/87/2014.RP-1** da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.
- proxecto presentado da cumprimento o previsto no apartado **primeiro** do decreto da alcaldía n°. **0743/2011** de data 20.10.11.
- outorgamento da licenza de obras solicitadas estará condicionado ó establecido no convenio suscrito entre o Concello e a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, en relación co expediente de reposición da legalidade urbanística **PON/87/2014.RP-1**.
- Unha vez outorgada a licenza municipal de obras non se poderán iniciar as obras en tanto non se achegue o expediente o **oficio de dirección das obras do arquitecto**.
- Sera responsabilidade do promotor da obra o Nomeamento de **Coordinador de seguridade e saúde** nas obras, nas circunstancias previstas no artigo 3 do RD 1627/1997.

SEGUNDO.- Visto o informe xurídico de data 21-10-2014, quen indica que non se observa na solicitude en cuestión, dende o punto de vista xurídico-procedimental ningún inconvincente, polo cal informase **favorablemente**, cos condicionantes técnicos expostos no informe técnico. No obstante, respecto a remisión do expediente a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, dado que a día de hoxe non consta que tiverase ordeado a demolición no expediente de reposición da legalidade urbanística por parte daquel organismo, nin que se dictase orde de cesación ou restauración da realidade física alterada, e por elo que non é de aplicación a estipulación cuarta. d) do convenio suscrito con tal Axencia por este Concello, debendo o Concello remitir copia da licenza que se otorgue a tal organismo ós efectos oportunos. Finalmente, procede tamén acordar o arquivo dos expedientes de reposición da legalidade urbanística acordados por Decretos da Alcaldía n°. 190/09 de 16 de marzo e de data 28-4-2011 n°. 235/11, dado que as obras infractoras quedan eliminadas co outorgamento da presente licenza, no obstante, respecto o segundo, dado que a día de hoxe non caducou por estar en suspenso ata a legalización da obra, procede terminar tamén o procedemento sancionador con imposición da sanción correspondente que neste caso debe calcularse de acordo co disposto no artigo 220.4 da Louga, segundo o cal **“4. El responsable de la infracción tendrá derecho a una reducción del 80 % de la multa que haya de imponerse en caso de que reponga por si mismo la realidad física alterada antes de la resolución del procedimiento sancionador.”**, polo tanto, sendo a sanción procedente de 6001 € pola infracción grave a mesma cuantificaríase coa recucción en 1.200,2 €, cantidade que tamén pode ser obxecto de redución nun 30 %, de acordo co disposto na Disposición Adicional quinta da citada Lei, esto é, se paga en 15 días a partir da notificación da sanción, é polo que formulase ó organo competente a seguinte

PROPOSTA:



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

1º. Concede-la licenza municipal de obras a favor de D. Santiago Vicente Pacheco para PROXECTO DE DEMOLICIÓN PARCIAL DE CUBERTA E FORXADO DE PATIO E PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE CUBERTA PARA REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA NA RÚA 3º TRANSVERSAL NETOS, Nº. 1-A, impondo os condicionantes establecidos nos informes técnicos e xurídico, concretamente, deberá aportar oficio de dirección das obras do arquitecto para comenza-las mesmas, así como os xerais establecidos na lexislación urbanística respecto os prazos de execución das obras, con expresión dos recursos procedentes a entablar contra dito acto administrativo. Asimesmo, procede acordar o arquivo dos expedientes de reposición da legalidade urbanística incoados por Decretos da Alcaldía nº. 190/09 de 16 de marzo e de data 28-4-2011 nº. 235/11, e, dado que as obras infractoras quedan eliminadas co outorgamento da presente licenza, notificando o contido do acordo que se adopte ó interesado, á APLU e a veciña denunciante, con expresión dos recursos procedentes.

2º. Procede continuar co expediente sancionador incoado mediante Decreto da Alcaldía de data 28-4-2011 nº. 235/11, procedendo a dictar resolución definitiva pola que se acorde a imposición dunha sanción a D. SANTIAGO VICENTE PACHECO pola comisión da infracción grave tipificada no artigo 217.3 da Louga no importe reducido de 1.200 € (artigo 220.4 Louga), dándolle a oportunidade de que a mesma poda reducirse ademais nun 30 % se a paga no prazo de 15 días a partir da súa notificación e mostra por escrito a súa conformidade con esta e renuncia expresamente ó exercicio de toda acción de impugnación.

Con base en ditos antecedentes, a Xunta de Goberno Local **RESOLVE:**

CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiros, a **D. SANTIAGO VICENTE PACHECO**, licenza para “DEMOLICIÓN PARCIAL DE CUBERTA E FORXADO DE PATIO” e “PROXECTO BÁSICO E EXECUCIÓN DE CUBERTA” sito na rúa de 3º Transversal Netos nº. 1, de acordo co proxecto técnico presentado obrante no expediente de referencia, que deberá axustarse as condicións sinaladas no informe técnico e xurídico.

O prazo para iniciar as obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende o día seguinte a data de notificación da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Se poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga (art. 197.1 da LOUGA).

Será declarada a caducidade das licenzas, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da LOUGA):

- Cando non se tivesen iniciado as obras amparadas por esta licenza no prazo de seis (6) meses dende o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.
- Cando non se cumprise o prazo de terminación das obras de tres (3) anos dende o seu inicio.
- Cando a obra fose interrompida durante un período superior a seis (6) meses.
- Estes prazos poderán prorrogarse segundo o establecido no art. 197 da LOUGA.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

TERCEIRO.- ADVERTENCIAS:

As obras teranse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (condicións das obras en relación coas vías públicas) e 2.5.14 (valado das obras) recollidos no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

Deberá de adoptar de xeito inmediato as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas, dos predios colindantes e da vía pública.

É requisito e indispensable en todas as obras dispor, ó pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e, nas maiores, a colocación do cartel indicador de 1,20 x 0,85 mts. no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos os que se vai a destina-la construción, o número de plantas autorizadas, o prazo de execución das obras, a data de outorgamento e número da licenza.

As obras autorizadas realizaranse por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.

PUNTO 5- DAR CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE INICIO DE ACTIVIDADE.

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de inicio de actividade:

EXPEDIENTE: 193/2015. CAMPOS CLINICAE, S.L., REPRESENTADA POR D. JORGE CAMPOS ALIAGA, DE INICIO DE ACTIVIDADE PARA CLINICA ODONTOLÓXICA (EPIG. 943) NO LOCAL SITO NA RÚA DE GALICIA, Nº 91-BAIXO.

EXPEDIENTE: 7.415/2014. D. JOSE LUIS MONTES MIRANDA, DE INICIO DE ACTIVIDADE PARA REPARACIÓN DE ARTIGOS ELÉCTRICOS PARA O FOGAR (EPIG. 691.1) NO LOCAL SITO NA RÚA DE CURRÁS, Nº 1-BAIXO.

PUNTO 6- DAR CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADES.

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de cambio de titularidade de actividade:

EXPEDIENTE: 5.605/2014. ECOAUTOPLUS, C.B, DE CAMBIO DE TITULARIDADE DA ACTIVIDADE DE ENGRASE E LAVADO DE VEHÍCULOS (EPIG. 751.5) DA ACTIVIDADE A REALIZAR NA RÚA CIRCUNVALACIÓN, Nº 20-BAIXO ESQUERDA QUE ANTES FIGURABA A NOME DE Mª EMILIA ALVAREZ LORENZO.

Sendo as doce horas e vinte minutos do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretaria dou fe.